



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

CERTIFICACIÓN

Rebeca Vázquez Vázquez, secretaria do Concello de Arzúa, **CERTIFICO** que a XUNTA DE GOBERNO LOCAL en sesión Ordinaria celebrada o mércores 24 de abril de 2019 **ACORDOU**

<<2. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MIXTA SUBMINISTRO E OBRA POS 2018 COMPLEMENTARIO. EXPEDIENTE 2019/C005/000001 ARRANXO DO ALUMEADO NAS PARROQUIAS DE BURRES E BRANDESOS; LUGAR DE RAÍDO E OUTRO.

Visto expediente para contratación do contrato mixto de subministro e obra subvencionado pola Excmá Diputación Provincial de A Coruña no marco do POS 2018 Expediente Tedec: **2019/C005/000001 "Arranxo do alumeado nas parroquias de Burre e Brandexo lugar de Raído e outro"**, . por procedemento aberto cun orzamento de execución de 70.577,96 euros.

Vista a Providencia da Alcaldía asinada en data 23/04/2019 interesando que se incoe procedemento para a licitación e adxudicación deste contrato por procedemento aberto utilizando criterios de adxudicación valorables por xuízos de valor e criterios de adxudicación de apreciación automática .

Á vista das características e do importe do contrato, propónse a licitación mediante procedemento aberto , de conformidade co previsto no art. 156 e seguintes da LCSP.

Visto na providencia a xustificación da necesidade deste concello de realizar esta contratación e a motivación da non adxudicación e licitación por lotes de conformidade codisposto no artigo 99 da LCSP .

Visto informe de secretaría de data 24/4/2019 e as advertencias nel contidas así como que estamos ante un contrato mixto (artigo 18 LCSP) que debe tramitarse como de subministro (artigo 16 LCSP) .

Vistos informes técnicos xurídicos que constan no expediente .

Vistos informes de intervención de datas 23/04/2019 e 24/04/2019 constando existencia de crédito na aplicación orzamentaria 165.63900 para a cobertura do gasto correspondente.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Fundamentada en ditos informes a competencia desta Alcaldía para aprobación deste expediente delegada na Xunta de goberno local por resolución da Alcaldía de data 8/7/2015.

Tendo en conta o contido de ditos informes e advertencias neles recollidas.

En consecuencia e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da Lei de contratos do sector público 9/2017 de 8 de novembro, en uso das facultades delegadas por Alcaldía por unanimidade dos seus membros **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación 2019/C005/000001 Pos 2018 complementario .Arranxo do alumeado nas parroquias de Burres e Brandeso lugar de Raído e outro, cun orzamento de execucion de 70.577,96 euros, según proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo Rojo Losada con data novembro de 2017, por procedemento aberto.

SEGUNDO.- Aplicar os pregos que constan en Providencia da Alcaldía completando o expediente atendendo as advertencias sober moti da Excma Diputación Provincial en concreto motivación dos criterios de adxudicación confirmación da non necesidade de autorizacións sectoriais e dispoñibilidade de terreos

TERCEIRO.- Aprobar o gasto por importe de 70.577,96 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 165.63900.- Alumeado público. Outras infraestructuras de reposición

CUARTO.- Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio delicitación na plataforma de licitación do sector público: <https://contrataciondelestado.es>, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de quince días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante.

QUINTO.- En aplicación da disposición adicional segunda da LCSP 9/2017 de 8 denovembro aprobar a seguinte composición da Mesa de Contratacion para esta contratación:

Presidenta:

A primeira Tenente de Alcalde : M^a Carmen Torreiro González

Suplente presidente: O alcalde José Luis García López



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Vogais:

1. A Secretaría do Concello , Rebeca Vázquez Vázquez
2. A Interventora do Concello, Olga Castro Fernández
3. O arquitecto técnico municipal , Luis Fole Barrio

Secretaria:

A funcionaria interina, Marta Pérez Iglesias

Suplente secretario : José Manuel Vázquez García.

>>

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde,

En Arzúa asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe

Vº e Praxe O alcalde, José Luis García López	A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez
--	---